


Boletín CAIA 01

xullo 2023

Aprobada a estratexia estatal de dereitos da infancia e adolescencia



O día 8 do pasado mes de maio, aprobouse polo consello de ministros este documento estratéxico que pretende articular a acción do conxunto do Estado e das Administracións ao redor de oito áreas, cunha serie de metas a acadar en 2025 e 2030, todas elas clave para que os dereitos das nenas, nenos e adolescentes estean plenamente garantidos, con medidas para acabar coa pobreza infantil, fomentar a participación, protexer fronte a violencia ou fortalecer o desenvolvemento de contornas saudables



A infancia impulsa “os oito retos fundamentais” para un futuro sostible

Vogais de Consellos locais e do Consello Estatal de Participación Infantil e Adolescente presentan unha versión amigable da Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2030, unha ferramenta que describe os oito retos fundamentais para garantir unha transición social, ecolóxica e económica no marco da Axenda 2030

Como inflúen as TIC's no dereito á participación infantil?

A pesar dos riscos que entrañan, as TIC tamén ofrecen moitas oportunidades para o dereito de nenos, nenas e adolescentes a participar.



“Non é posible exercer violencia nun entorno que non o permita” Pepa Horno:

Interesante reflexión desta psicóloga experta en infancia, que ademais nos ofrece pautas para crear contornas seguras e protectoras nos municipios.

“A comunidade é un dos garantes básicos dos dereitos da infancia. A medida que imos xerando comunidade dentro do municipio imos xerando entorno protector tamén”

Saúde mental e infancia refuxiada

¿Como podemos contribuír dende o local a garantir os dereitos e benestar psicolóxico de nenos e nenas desprazadas dos seus?



Presidencia española do Consello da Unión Europea, unha oportunidade para poñer á infancia no centro da axenda europea

O 1 de xullo, España asumiu a Presidencia do Consello da Unión Europea deica o 31 de decembro deste ano. Isto é fundamental para propoñer medidas de protección á infancia. Tras anos de avances normativos polos dereitos da infancia, ca aprobación do Plan de Acción do Pilar Europeo de Dereitos Sociais, a Estratexia sobre os Dereitos da Infancia, a Garantía Infantil Europea ou a Estratexia de Coidados, agora será necesario afianzar e afondar nestes logros para garantir a súa plena implantación.



LOPIVI, a lei que coida e protexe á infancia e a adolescencia fronte á violencia

Descubre os novos materiais educativos e informativos creados pola Plataforma de Infancia e dirixidos a nenas e nenos de 6 a 7 anos, co obxectivo de que coñezan, entendan e saiban como lles afecta a Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia (LOPIVI).



A Plataforma de Infancia pide ós partidos situar á infancia no centro da axenda política ante a próxima cita electoral

Coñece as propostas para a garantir os dereitos da poboación infantil e adolescente que fixeron dende a Plataforma de Infancia ós principais partidos políticos de cara a celebración de eleccións xerais o vindeiro 23 de xullo.



“Infancia e pobreza”, novo proceso participativo dirixido a mozas e mozos

Os grupos de participación, organizacións de infancia, asociacións, consellos e centros educativos poden participar neste proceso.

O principal obxectivo é coñecer a visión que teñen os nenos, nenas e adolescentes sobre o impacto da pobreza e a desigualdade nas súas vidas, que a súa voz sexa tida en conta no desenvolvemento de políticas públicas, e que estas partan das súas propostas.

Experiencias noutros territorios



Consello Estatal de Participación Infantil e Adolescente

Coñeces como funciona o consello estatal de participación (CEPIA)?

Pois conta con **dúas representantes galegas**, Irene Iglesias e Andrea Piñeiro, que seguro que estarán encantadas de contarnos en que consiste a súa participación e como está sendo esa experiencia.



“Sen dereito a voto”

Vogais do consello nacional da infancia de Cataluña (CNIAC) escribiron este artigo de opinión para o diario “El Periódico” no que falan da súa experiencia no consello e apostan pola participación infantil e inda que non se teña dereito a voto existen outras maneiras de contribuír de maneira activa a política do país.



Como participaron os nenos e nenas de Madrid no deseño da nova lei para protexer os seus dereitos

Na Comunidade de Madrid veñen de aprobaron unha nova Lei de Dereitos, Garantías e Protección Integral da Infancia e a Adolescencia, e para saber se estaba a altura de nenos, nenas e adolescentes, deseñaron unha ferramenta baseada na gamificación dos contidos para coñecer a opinión dos Consellos de Participación Infantil e Adolescente formalmente constituídos na comunidade, así como a de outros grupos e puntos de participación infantil.



Estratexias de difusión empregadas polos nenos, nenas e adolescentes do Consello Autonómico da Comunidade Valenciana

Os/as compañeiros/as do Consello Autonómico da Comunidade Valenciana tamén estiveron traballando en estratexias de difusión.

Lanzaron unha campaña que da a coñecer os CLIA e que inclúe materiais de axuda para que as entidades locais os impulsen dentro do seu ámbito de competencia.